


Pucho, o habitador dos tellados

A

Manuel Janeiro | 2006

Relato ambientado no Madrid da posguerra, sobre a historia dun neno inocente que se enfrenta á soidade.

Sinxeleza, elegancia, realismo e tenrura para un texto descritivo, evocador e entrañable. Publicado por Kalandraka.




Guernica

★ A

Helione Bernard e
Olivier Charpentier | 2008

O primeiro álbum ilustrado que trata sobre o golpe militar e posterior guerra, a través do relato sobre o bombardeo desta cidade, reducida a cinzas por parte dos fascistas aliados de Franco.

Aparece en galego da man de Kalandraka, traducido por Emma Lázare.




Compañeiros. Homenaxe ás vítimas do Portiño



Xosé Tomás | 2008

Esta banda deseñada lembra o intento fallido de fuxida dun cento de republicanos dende O Portiño e o seu desgraciado final.

Publicado pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica.



Xograres dun tempo novo



Pepe Carballude | 2009

Unha muller diante do autorretrato do compañeiro, paseado durante a Guerra Civil, lembra as andainas de ambos coas Misións Pedagóxicas nos tempos da República.

Con ilustracións de Beatriz García Trillo, na colección Punto de encontro de Everest Galicia.




Febre



Héctor Carré | 2011

Posguerra, mina de volframio, en Lousame, unha moza que se enfronta ás inxustizas e atrocidades dese tempo, en especial ao corrupto e desapiadado cabo Marelo.

Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil no 2011, publicándose no mesmo ano, na colección Fóra de xogo (Xerais).




Un cadro de Picasso



Claire d'Harcourt | 2011

A través desta obra mestra da arte do século XX, descubrimos a historia do cadro (dende o momento no que Picasso o pinta ata a actualidade) e o que representa.

Traducido por Xosé Ballesteros, aparece en 2011 en Factoría K.



Historia da bicicleta dun home lagarto



Fina Casalderrey | 2014

A autora aborda, en ton lírico, o misterio dos tempos de desaparicións e perdas nos que agroman os versos de Miguel Hernández.

Con ilustracións de Laura Súa en Sopa de Libros (Xerais).




Tristes armas



Marina Mayoral | 2015

Esta é a historia das nenas da guerra, rapazas separadas de seus pais, exiliadas en Rusia. E tamén de amigos que se atopan en bandos opostos, de parellas desfeitas, de homes e mulleres zarandeados e maltratados polos ventos do odio. Episodios da Guerra Civil, desde o punto de vista dos que non combateron, pero que sufriron as súas terribles consecuencias.

Publicado en Fóra de xogo (Xerais).




Atila



Iván Suárez e
Inacio Vilariño | 2015

Forma parte da serie *Castelao*, que alberga a biografía en banda deseñada da figura de Castelao, na editorial Demo. Está formada por *O pobre tolo* (2012), *Titoán* (2012, premio Castelao 2011), *Máis alá* (2013), e *Atila* (onde se coñecen os tres álbums de guerra entre os que destaca *Atila en Galicia*).




A caixaña dos rancores



Héctor Cajaraville | 2016

A relación entre un par de adolescentes e unha muller maior (á que un deles atropelara) fai que saia á luz o roubo dos bebés na ditadura franquista, outra vergonza sobre a que se verteu unha cortina de silencio.

Publícase en Fóra de xogo (Xerais) despois de acadar o premio Raíña Lupa 2015.




O segredo da casa de Formoso



Héctor Cajaraville | 2017

O fillo de emigrantes, que volve para asinar unha venda, descobre o misterio que rodea a casa de Formoso, que enterra as súas raíces na Guerra Civil nos cambios de titularidade das propiedades en base á proximidade ao Réxime.




O tesouro de Lucio. Vida de Lucio Urtubia



Belatz | 2018

Banda deseñada traducida ao galego por Manel Cráneo e publicada en 2018 por Demo editora.

Trátase da vida do anarquista Lucio Urtubia que, despois de sufrir a represión en España, vive exiliado en Francia, dando golpes que poñen en ridículo os grandes bancos.



Memoria do silencio



Eva Mejuto | 2019

A trama está situada na Galicia da II Guerra Mundial, nos tempos do wolfram, na Ribadavia onde viven as irmás Touza. Mentres o terror continúa, nas mans de nazis e Garda Civil, elas axudan os xudeus a fuxir a través de Portugal.

Publicouse na colección Fóra de xogo (Xerais).



A árbore dos vagalumes



Xulia Barros Villar| 2020

Un avó cóntalle ao seu neto a historia da illa de San Simón, antes de que o Alzheimer o venza. Un relato envolto no simbolismo dos vagalumes e unha árbore marabillosa na que se gardan as memorias. A illa está chea de cantos, os cantos da lembranza do que alí pasou e non se pode borrar.

Ilustrado por Diego Salgado, un libro publicado por Belagua.




A lavandeira de San Simón



Eva Mejuto | 2020

Unha combinación de texto, ilustracións e imaxes históricas que nos remite ao campo de concentración da illa entre 1936 e 1943. Historias reais, como as fotos da época nas gardas, as das mulleres solidarias cos presos da illa.

O obxectivo é achegar á rapazada este período histórico, narrado desde a perspectiva das crianzas e as mulleres: as voces silenciadas.



Os berros da motocicleta



Kiko da Silva e
Pablo Prado | 2020

Banda deseñada publicada polo concello de Pontevedra dentro do programa "A memoria das mulleres".

Narra a represión que sufriu Josefina Arruti a partir da Guerra Civil polo feito de ser a muller de Bibiano Fernández Osorio-Tafall, alcalde republicano de Pontevedra.




Wolfram. Espías, nazis e maquis



Alberto Varela | 2020

En 1939, a Guerra Civil española remata, pero estoupa a II Guerra Mundial. Aliados e nazis percorren Galicia buscando o volframio, un mineral esencial para as novas armas e escaso no planeta. Unha trama de espías británicos e norteamericanos teñen a misión de controlar os movementos nazis na zona e dificultar que podan levar o volframio á Alemaña do Terceiro Reich.




In Memoriam



Pepe Carballude | 2021

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica vai escavar o antigo Parque da Cidade, buscando os restos dun fusilado pouco despois da Guerra Civil. Trátase de facer xustiza e homenaxear os inxustamente represaliados.

Publicado en Fóra de xogo (Xerais).




O cemiterio de barcos

E

Francisco Castro | 2021

Un pobo gobernado por un cacique que se reproduce a si mesmo, pasando o poder de pais a fillos, dende os tempos do golpe militar. Preguntas: a ideoloxía combínase coa corrupción? E coa violencia de xénero?

Publicado na colección Costa Oeste (Galaxia).




Esta noite hei de ir a verte

★ E

Beatriz García Turnes | 2021

Unha mestra chega á súa primeira escola. Atopará o que non pensaba: unha casa abandonada, luces misteriosas, unha alumna inquietante, uns amores truncados, e as feridas do pasado que continúan abertas. Un home, fuxido e escondido dende a guerra, mentres todos pensan que está morto.

Publicase na colección Costa Oeste (Galaxia).




Nós seis



Julia Lago | 2021

Baseada na historia real da súa avoa, a autora cóntanos a represión nun internado feminino no franquismo.

Publicada pola Deputación da Coruña, obtivo o Premio Castelao de Banda Deseñada.



Mañá vén meu tío



Sebastián Santana Camargo
| 2021

Minimalista, nos textos e nas imaxes; "está pensado para quen por causa de desaparicións forzosas nunca puideron chegar". Unha cadeira fronte a unha porta, un neno que se senta a agardar e vai medrando mentres espera ata que el mesmo desaparece e queda (unicamente) a cadeira fronte á porta.

Foi galardoado en 2015 como Mellor Álbum Ilustrado da Arxentina.




Regreso á Illa de San Simón



VV. AA. | 2021

Banda deseñada coordinada por Kiko da Silva e realizada por profesorado e alumnado de O Garaxe Hermético. Publicada pola Deputación de Pontevedra.

Nela cóntase como un grupo de rapaces e rapazas van á illa buscando tesouros e atopan a memoria das historias de cando foi prisión.




A ladroa da biblioteca de Meirás



Eva Mejuto | 2022

Unha adolescente cóase na biblioteca do pazo de Meirás, le e leva libros. Non se sente culpable porque á súa familia roubáranlle a casa para facer a residencia de verán do Xeneralísimo; así que estaba no seu dereito.

Está publicada en Fóra de xogo (Xerais).




A gruta da torre

E

Lois Pérez | 2022

Situada en Ribadeo, relata a historia dunha escritora filla de bibliotecarios que han de fuxir para salvarse; deixan unhas cartas para que as xeracións futuras poidan saber o que pasou. No tempo dos disparos e das desaparicións, os fuxidos, as estreiteces... na horrible posguerra.

Acadou o V Premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade; ilustrado por Rosalía Díaz, foi publicado por Xerais.




A Pioneira

★ E

Héctor Pena | 2023

A República, o Golpe de estado e a Ditadura na Coruña, vistos cos ollos dunha muller: a amiga da Pioneira (que xoga de porteira nos equipos da cidade dispostos a admitila). Unha lenda do deporte que sofre por se afastar do que se agarda dunha muller, que ha de pagar coa dor de ver asasinados os seus compañeiros ideolóxicos, a cadea e a enfermidade que a leva á morte.



Memoria histórica, discriminación da muller.


As 9 cruces



VV. AA. | 2023

Conta a historia da resistencia e do asasinato de 9 homes na curva de Baredo, desde entón coñecida como A Volta dos Nove. Ao longo do tempo aparecían as nove cruces no lugar do asasinato a pesar da vixilancia da Garda Civil.

Coordinada polo debuxante Kiko da Silva e publicada pola Deputación de Pontevedra



Mambrú volveu da guerra



Carlos labraña | 2023

Xogando no parque unha nena atopa un boneco (soldado de porcelana) enterrado. Está desorientado, cando falan el explica que non lembra como acabou aí, nin quen é. A nena conseguirá dar coa súa identidade e así sabemos que estamos ante unha fosa na que segue a haber corpos e sombras que necesitan atopar o seu lugar.

Con ilustracións de Raquel Lagartos.



Francisco Fernández del Riego. O home que valía por mil

E

Antón Mascato e Pepe Carreiro | 2023

Nesta biografía dáselle unha importancia especial aos fitos relacionados coa ideoloxía e a plasmación da mesma como participante ou fundador de diferentes plataformas galeguistas. Isto lévao a converterse nun home vixiado no exilio interior, marcado e nalgún momento preso político pero dándolle continuidade ao pensamento galeguista na Ditadura.



Vinte e sete lúas

E

María Canosa | 2023

Relato en cinco entregas publicado en Nós Diario.

Narra a historia do seu avó. Xurara bandeira pola República, e fora declarado o mellor tirador da compañía. Cando o golpe de estado, instano a se presentar nalgún cuartel e escapa aos montes do Pindo. Despois de vinte e sete meses de penurias, entrégase aproveitando o indulto decretado. Aínda así, tivo que empuñar as armas...




A maiores, e para completar esta guía de LIXG, engado un libro informativo no que documentarse sobre a época, e un par de estudos especializados (sobre a literatura infantil e a temática das guerras) nos que se aborda a selección e informes.

Que sabes da Guerra Civil e o Franquismo?



Manuel Veiga Taboada | 2021

Este libro de coñecemento trata de explicar o que sucedeu de xeito ameno e obxectivo, contando como era a sociedade e a vida diaria daquela época de silencio. A historia recente, que aínda provoca fortes polémicas, etapas bastante descoñecidas para as novas xeracións que precisan coñecer o pasado para entender o presente.




A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega



VV. AA. | 2004

Unha antoloxía de trinta e oito obras da literatura infantil e xuvenil editadas en galego que reflicten, dende diferentes untos de vista, as traumáticas consecuencias das guerras e dos conflitos bélicos e as súas repercusións para a humanidade.




A Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil



VV. AA. | 2008

A Red Temática de Investigación sobre Literatura Infantil y Juvenil del Marco Ibérico presenta un conxunto de estudos, destinados fundamentalmente aos mediadores, que pretenden afondar no tema da Guerra Civil española e a súa presenza na narrativa infantil e xuvenil. Abordan o tratamento do tema nas literaturas castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca, co engadido de dúas achegas que estudan a presenza da contenda española na produción en lingua alemá e inglesa.



Índice alfabético de títulos

Ⓐ	A árbore dos vagalumes	29
Ⓔ	A caixiña dos rancores	27
Ⓐ	A casa da luz	16
Ⓔ	A encrucillada da torre	8
Ⓔ	A gruta da torre	35
★ Ⓜ	A Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil	39
★ Ⓔ	A ladroa do biblioteca de Meirás	34
★ Ⓐ	A lavandeira de San Simón	30
★ Ⓔ	A lingua dos bolboretas	20
Ⓜ	A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega	38
Ⓐ	A misteriosa montaña de Pena Negra	7
Ⓐ	A pesca está no vento	13
★ Ⓔ	A pioneira	35
Ⓐ	A serra máxica	11
★ Ⓔ	A sombra descalza	21
Ⓔ	A teima de Xan	6
★ Ⓔ	Aqueles anos do Moncho	6
★ Ⓔ	As 9 cruces	36

● E	As fontes do destino	18
● E	As ribeiras son escuras	12
★ ● E	Atila	27
● E	Caderno de Riparia	18
● E	Cando era tempo de inverno	22
★ ● E	Casa durmida	21
★ ● E	Compañeiros. Homenaxe ás vítimas do Portiño	24
● E	Contos da travesía. VII Tren Caixa Galicia	8
● E	Contos de Nadal	17
★ ● E	Corredores de sombra	22
● A	Crónicas de Media Tarde	9
● E	Durmido sobre os espellos	17
★ ● E	Esta noite hei de ir verte	32
★ ● E	Febre	25
● E	Francisco Fernández del Riego. O home que valía por mil	37
★ ● A	Guernica	23
★ ● A	Historia da bicicleta dun home lagarto	26
● E	Historias para calquera lugar	13
● E	Historias roubadas	10

★ E	In Memoriam	31
★ A	Mambrú volveu da guerra	36
E	Mañá fará bo día	7
★ A	Mañá vén meu tío	33
★ E	Memoria do silencio	29
★ A	Memorias dunha vaca	14
★ E	Noite de voraces sombras	15
★ A	Nós seis	33
E	O cemiterio de barcos	32
E	O Pausiñas	16
★ E	O segredo da casa de Formoso	28
★ E	O tesouro de Lucio. Vida de Lucio Urtubia	28
A	O tolo da ría	20
★ E	Os berros da motocicleta	30
★ E	Palabras de pan	19
A	Pucho, o habitador dos tellados	23
★ E	Que sabes da Guerra Civil e o franquismo?	38
★ E	Regreso á illa de San Simón	34
E	Santos e defuntos	15
★ E	Silencio no corazón	11

★	A	Sorrir en Frades	10
★	E	Tempo rachado	12
	E	Todo o peso do ceo	9
★	E	Tristes armas	26
★	A	Un cadro de Picasso	25
	A	Un marciano neste mundo	19
	E	Veas verdes e catro contos máis	14
	E	Vinte e sete lúas	37
★	E	Wolfram. Espías, nazis e maquis	31
★	E	Xograres dun tempo novo	24

Outros libros relacionados coa MH:

Memorias dun neno labrego, de Neira Vilas 1961.

De cando o Suso foi carteiro, de Neira Vilas 1988.

Un ano e un día, de X. M. Martínez Oca 1990.

Á sombra do mestre, de Juan Farias 1996.

Neve en abril, de Inma López Silva 1996.

Paisaxe con fondo gris, de Pepe Carballude 2001.

Os nenos numerados, de Juan Farias 2001

Trala liña do horizonte, de Antonio García Teijeiro 2002.

Desde o corazón da mazá, de Juan Farias 2003.

Un polbo xigante, de Carlos Casares 2003.

Música no faiado, de Miguel Ángel Alonso 2018.

Irene. A porteira, de Xulia Pisón 2023.



Comisión pola recuperación da

memoria

Histórica

da **3**arbanza



Deputación
DA CORUÑA